

PROXECTO EDUCATIVO



2019-20

CPR Plurilingüe Karbo

1. Organización xeral do centro
 - a. Ideario. *Onde estamos, quen somos, que queremos, como nos organizamos para conseguilo, quen o elabora, que imos programar para lévalo a cabo, quen o elabora e o aproba.*
 - b. Análise socio-económico do entorno escolar
 - c. Implicacións nas demandas educativas específicas do tipo de alumnos, pais e nais, familias e entorno en xeral.
 - d. Plantexamento ideolóxico de identidade.
 - e. Órganos de goberno e de participación.
 - i. Órganos unipersoais.
 - ii. Órganos colexiados de goberno.
 1. Consello escolar.
 2. Claustro de profesores.
 - iii. Órganos de coordinación docente.
 1. Equipo de ciclo.
 2. Comisión de coordinación pedagóxica.
 3. Equipo de dinamización da lingua galega.
 4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares
 5. Tutorías.
 6. Departamento de orientación.
 - iv. Persoal non docente.
2. Fins e intención educativas do centro.
 - a. Concepción pedagóxica: *Obxetivos, prioridades e procedementos de actuación*
 - b. Liña metodolóxica
 - c. Avaliación
3. Organización do espazo e do tempo escolar no noso centro.
4. Proxectos curriculares de cada etapa educativa impartidas no centro. Obxetivos das distintas etapas educativas.
5. Ofertas de actividades e servizos do centro.
 - a. Ofertas de idiomas do centro
 - b. I.E.S. ao que se adscribe
6. Conexión co contexto (*conxunto de elementos condicionantes, potenciadores, limitadores da organización escolar*)
7. Regulamento de réxime interno.
8. Proxectos curriculares de etapa.
 - a. Segundo ciclo de educación infantil.
 - b. Educación Primaria
 - c. Plan de orientación educativa.
 - i. Plan de atención á diversidade
 - ii. Plan de acción tutorial.
9. Proxecto lector.
10. Proxecto lingüístico.
11. Plan de introducción das tecnoloxías da información e da comunicación.
12. Plan de convivencia.

1. Organización xeral do Centro

a. IDEARIO. *Onde estamos, quen somos, que queremos, como nos organizamos para conseguilo, quen o elabora, que imos programar para lévalo a cabo, quen o elabora e o aproba.*

O **Colexio Karbo** está ubicado en A Coruña, na zona dos Mallos - Estación, cun barrio moi poboado e moita diversidade de xente que é debido á proximidade da Estación de Ferrocarrís e da Estación de Autobuses e ser a entrada da cidade. Isto da lugar a espazos cambiantes nos que os nenos e nenas aprecian unha convivencia entre eles de moitas xentes provinte de moi diferentes lugares.

Como peculiaridade especial o noso centro está dividido en dous edificios; de Educación Primaria no primeiro impártense os tres anos de Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria. Este edificio está na Rúa Europa; o segundo edificio alberga o segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria máis os Ciclos Formativos de grao medio (Comercio, Xestión Administrativa) e os de grao superior (Administración de Sistemas Informáticos e Desenvolvemento de Funcións no Sistema Informático) Así como unha secretaría. Este edificio atópase na rúa Ramón Cabanillas.

O Colexio está constituído:

- 3 unidades de Educación Infantil
- 6 unidades de Educación Primaria
- 2 unidades do Ciclo Formativo de Grao Medio de Xestión Administrativa
- 2 unidades do Ciclo Formativo de Grao Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma
- 2 unidades do Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración de Sistemas Informáticos en rede.

b. Análise socio-económico do entorno escolar

Os nosos alumnos e alumnas proveñen de familias de traballadores, non só da propia cidade senón tamén do extrarradio e de emigrantes cunha capacidade económica media - baixa , dato que temos en conta para levar a cabo unha educación na pluralidade, diversidade e na tolerancia sen esquecer a atención a individualidade, sempre e cando sexa preciso.

c. Implicacións nas demandas educativas específicas do tipo de alumnos, pais e nais, familias e entorno en xeral.

Cada vez aumenta máis a IMIGRACIÓN. Os nosos alumnos veñen da China, Colombia, Brasil, Venezuela etc. Tamén destacar a presenza da etnia xitana. O que supón que ó redor do 30% do noso alumnado é estranxeiro. Isto conleva unha maior atención á diversidade levando a cabo as medidas necesarias para cada caso (reforzo e apoio educativo para estes nenos tendo que ser valoradas polos especialistas en pedagogía xunto cos Equipos de Orientación).

d. Plantexamento ideolóxico ou Principios de identidade:

Somos un centro privado concertado laico integrador, pero tratamos de dar unha formación en valores e introducilos nos principios de aprendizaxe. Procuramos que

os nenos e nenas aprendan dende a realidade con concepcións previas, tendo en conta unha diversidade e favorecendo o traballo entre eles, e mellorando e progresando o seu propio ritmo. Queremos que cada vez acaden maior autonomía mediante o principio "aprender a aprender", procuramos que sexan críticos e respectuosos consigo mesmos e co entorno: isto implica tolerancia, coidado do medio ambiente. Favorecemos dende a escola un desenvolvemento equilibrado tanto afectivo, social e cognitivo que os leven a acadar como competencias necesarias que lles permitan desenvolverse con calidade na sociedade na que están inmersos.

No noso centro é obrigatorio o uso do uniforme. Tódolos nenos, dende infantil ata finalizar a etapa de educación primaria, deben ir correctamente uniformados coas seguintes pezas: chándal, camiseta, polo, xersei, pantalón ou saia, todos eles co escudo do colexio. Con respecto ó calzado: o zapato deportivo ten que ser de cor branca e o zapato colexial azul marino ou negro. As medias e calcetíns de cor burdeos ou azul marino para o uniforme, e calcetíns brancos para o chándal.

O feito de non cumprir esta norma, levará a súa correspondente sanción, recollida no Plan de Convivencia e no Regulamento de Réxime Interno.

No modelo de ensino-aprendizaxe atendemos a diversidade tanto no alumnado como na práctica docente e na selección de contidos; neste proceso facemos fincapé no uso das Tics, para que os nosos rapaces sexan capaces de identificar, procurar, recoñecer, localizar, pescudar información, responsabilizándose do seu uso ético. Tamén insistimos no uso das bibliotecas tanto escolares como municipais, como recurso de aprendizaxe das distintas áreas.

En canto ó papel do profesorado, será o de guía ou mediador, e utilizaremos contextos familiares, cotiás e habituais para que o alumnado aprenda, comprobando o interese e a utilidade do que aprende, de xeito que transcenda a outros contextos fóra do estritamente escolar, creando un ambiente seguro e motivador.

Como conclusión, empregamos un modelo de aprendizaxe dende a realidade como concepción previa, baseado na diversidade, dende un plan común compartido que permita que os nosos alumnos traballen, cooperen e progresen ó seu propio ritmo.

e. Órganos de goberno e de participación.

i. Órganos unipersoais.

Equipo directivo:

- Director: **Ramón Carrasco Borrego.**
- Xefa de Estudos: **Lucía Díaz**
- Secretaria: **Rita Pais Nieto/Marina Expósito Borrego.**

ii. Órganos colexiados de goberno.

1. Consello Escolar

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na xestión do mesmo os distintos membros da comunidade escolar. Estará composto polos seguintes membros (Artigo 37):

- O Director, Ramón Carrasco Borrego, que será o seu presidente.
- A Xefa de Estudos, Lucía Díaz Iglesias
- Catro representantes dos profesores:
 - María del Carmen Carrasco Borrego.
 - Inmaculada Castañón González.
 - Cristina Odila Fernández López.
 - Cristina Pena Balseiro
- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos:
 - Lino Landeira.
 - Belén Sellán Domínguez.
 - Mónica Cedeira.
 - María de los Angeles Paz

2. Claustro de profesores.

Está integrado pola totalidade de profesores/as que presta servizo nel e será presidido polo Director.

Director

- Ramón Carrasco Borrego

Educación Infantil

- M^a José Barbeito Zas.
- M^a Inmaculada Castañón González.
- M^a del Carmen Carrasco Borrego.
- Cristina Pena Balseiro.

Educación Primaria

- Sara Morao Vázquez.
- Cristina Pena Balseiro.
- María Trinidad Pedreira Vaamonde.
- Mariana Vieites Sixto.
- Mercedes Seijo Carballas.
- Cristina Morao Vázquez.
- Lorena Maciñeiras Vázquez.
- Mónica Roca Vilariño
- Cristina Pena Balseiro
- Cristina Odila López Fernández (Audición e linguaxe)
- Rebeca López Otal (Pedagogía terapéutica)

Ciclos formativos

- Enrique Expósito Borrego.
- Dolores Cruz Martínez.
- Lucía Díaz Iglesias.
- Sofía Isabel Suárez Lorenzana.
- José Mañana Martínez

iii. Órgano de participación e coordinación docente.

1. Equipos de ciclo

O funcionamento coordinado entre os Mestres/as dun mesmo nivel e entre os Mestres/as de niveis diferentes é indispensable, tanto para a consecución dun mellor rendemento educativo, como para una efectiva realización da Programación Xeral Anual. Os equipos de ciclo, que agruparán a todos os Mestres/as que impartan docencia, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da Xefa de estudos, as ensinanzas propias do Ciclo.

- Cada un dos Equipos de Ciclo estará dirixido por un/una coordinador/a.
- Os equipos reuniranse sendo a asistencia obrigatoria para todos os seus membros. Das devanditas sesións levantará acta o coordinador/a co resumo do tratado.

As súas funcións axústanse ao Artigo 54 do regulamento Orgánico, completando estas funcións no Capítulo VI, punto 1.

2. Comisión de coordinación pedagóxica.

A comisión de coordinación Pedagóxica está integrada polo:

- O director, Ramón Carrasco Borrego, que será o seu presidente.
- A xefa de estudos.
- Coordinadores de Ciclo
- Profesor de apoio de NEAE
- Coordinador do equipo de normalización lingüística

As súas competencias axústanse ao Capítulo II, artigo 61 e 62 do Decreto 374/1996.

3. Equipo de dinamización da lingua galega.

Para potenciar o uso da lingua galega constitúese nos centros un equipo de normalización e dinamización da lingua galega, constituído por:

- Un profesor/a de cada ciclo, por proposta dos seus integrantes.
- O coordinador/a, que será nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, se é o caso.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor/a.

Poderán incorporarse ao traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

Tendo presente o **Decreto 79/2010**, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia.

4 Equipo de actividades complementarias e extraescolares.

Terán carácter de Complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de Extraescolar aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na Programación Xeral Anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nestas será voluntaria.

Composición do equipo:

- O xefe/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares será un profesor/a que designe o Director, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- O xefe/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares actúa baixo a dependencia directa do director.

(Información máis ampla no Capítulo IV do Regulamento Orgánico desde o Artigo 69 ó 79)

5. Tutorías

A tutoría e orientación dos alumnos forma parte da función docente. Cada grupo de alumnos.

Educación Infantil

- M^a José Barbeito Zas EI4
 - Xoves 17:30 - 18:30
- M^a Inmaculada Castañón González EI5
 - Luns 16:00 - 17:00
- M^a del Carmen Carrasco Borrego EI6
 - Mércores 16:00 - 17:00

Educación Primaria

- Cristina Pena Balseiro EP1
 - Venres 16:00 - 17:00
- M^a Trinidad Pedreira Vaamonde EP2
 - Venres 16:00 - 17:00
- Lorena Maciñeiras Vázquez EP3
 - Mércores 16:00 - 17:00
- Rebeca López Otal EP4
 - Martes 16:00 - 17:00

- Cristina Odila Vázquez EP5
 - Martes 16:00 - 17:00
- Mariana Vieites Sixto EP6
 - Martes 16:00 - 17:00

Ciclos Formativos

- Enrique Expósito Borrego CMXA1
 - Luns e mércores 09:00 - 11:00
 - Xoves 12:00 - 14:00
- Lucía Díaz Iglesias CMXA2
 - Mércores 11:00 - 12:00
- Ramón Carrasco Borrego CSASI
 - Xoves 11:00 - 13:00

Ten unha mestra titora designado polo Director. Cada mestra titora, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, canda menos, as funcións indicadas no Capítulo V, artigo 81 do Regulamento Orgánico das escolas de Educación infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Para asumir estas funcións será necesario:

- Coñecer ao alumno/a.
- Facilitar a integración e participación.
- Establecer unha relación satisfactoria (o alumnado se senta aceptado, valorado e axudado).
- Procurarlles un contexto estruturado (planificación previa e coordinación dos diversos profesionais. A función titorial é unha responsabilidade compartida, pero require tarefas diversas, individuais, de coordinación, específica.)
- Facilitar que os alumnos/as dean un senso á aprendizaxe (que saiba o que se espera del ou dela, mellorar a autoestima, coñecemento de si mesmo).
- Prestar atención prioritaria á aprendizaxe de hábitos e actitudes.
- O titor/a debe actuar de mediador entre o grupo e o resto de profesorado.

6 Departamento de Orientación

No noso centro non se conta cun Departamento de Orientación propiamente dito, e a atención o alumnado con NEAE e levada a cabo polas mestras de Pedagogía terapéutica (PT) e a de Audición e linguaxe (AL) , polo tanto coa colaboración e o asesoramento do correspondente EOE se fose necesario, prestaremos o noso apoio ós distintos equipos de ciclo e departamentos didácticos no relativo á atención ó alumnado con NEAE., así como ó profesorado que o atenda directamente.(O. 27 de decembro de 2002 art.9)

As mestras de apoio (PT e AL) exercerán a súas funcións nas etapas educativas que se imparten no centro (EI e EP), excepto nos módulos de FP:

- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con NEAE.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACI, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con NEAE que así o requira, atención que en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PE incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con NEAE e nos principios de avaliación formativa e na adecuación dos criterios de promoción.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe do noso alumnado.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas e enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade.
- Cooperar cos membros do EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

Ó comeza-la súa escolarización todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial que será levada a cabo polo mestre/a titor/a ou polo mestre/a de área correspondente, onde se recollerá a detección de necesidades educativas especiais. A partir desta avaliación, de se lo caso, redactaranse o informe psicopedagóxico establecido na O. 31 de outubro de 1996, que no noso centro será levado a cabo polo EOE provincial, despois de que o mestre/a titor/a en co asesoramento e colaboración das mestras de apoio (PT e AL) elaboren un informe e leven a solicitude do chamamento do EOE á Dirección do centro, e ésta teña coñecemento, asine conforme e a remita a Inspección educativa.

En todo caso, as medidas que se tomen terán un carácter flexible. De ser autorizadas procederase ó seu desenvolvemento e seguimento periódico, así como á

información ós pais ou titores legais do alumno/a por parte do mestre/a titor/a, coa colaboración das mestras de apoio.

iv. Persoal non docente

- Persoal de limpeza.
- Persoal de Administración.

2. Fins e intencións educativas do centro.

a. Concepción Pedagóxica: Obxectivos, Prioridades e Procedementos de Actuación.

O Colexio Karbo mediante o proceso educativo trata de buscar o pleno desenvolvemento do alumnado mediante unha formación humana e integral, nun réxime de coeducación e sen discriminación por razóns de sexo, relixión, idade, raza, razón social, económica ou ideolóxica.

O obxectivo principal é potenciar as capacidades básicas do alumnado, transmitirles autoconfianza e ofrecerlle a orientación necesaria co fin de facilitar o seu desenvolvemento persoal.

O Colexio baséase nos seguintes obxectivos educativos:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
2. A formación no respecto das liberdades e dos dereitos fundamentais, e o exercicio da liberdade e a tolerancia dentro dos principios democráticos de convivencia.
3. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
4. A formación na pluralidade e no respecto.
5. A participación activa e a preparación para a vida social e cultural.
6. Una formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
7. Ensinar ós nosos alumnos a "aprender a aprender".
8. Garantir unha formación personalizada, que propicie unha educación integral en destrezas ,coñecementos e valores morais dos alumnos en tódolos ámbitos da vida: persoal, familiar, social e profesional.
9. Fomenta a participación e colaboración dos pais ou tutores para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.
10. Facer efectiva as ensinanzas nos dereitos para a igualdade entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación, e o respecto a tódalas culturas.
11. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
12. O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
13. Fomentar a actividade investigadora dos profesores a partir da súa práctica docente.
14. Practicar unha metodoloxía activa que asegure unha participación do alumnado nos procesos de ensino e aprendizaxe.
15. Garantir a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
16. Formular a avaliación dos procesos de ensino e aprendizaxe, dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema.
17. Facilitar a relación co entorno social, económico e cultural.
18. Formar ós nosos alumnos e alumnas no respecto e defensa ó medio ambiente.
19. O fomento do uso do galego, utilización da lingua oral e a normalización lingüística.

O Centro orienta a súa actividade educativa dacordo cos seguintes principios:

1. Pluralidade: na procura da coordinación das distintas opcións sociais, preparando ós nosos alumnos e alumnas para formar parte de vida.
2. Na non discriminación entre alumnos e alumnas por mor da ideoloxía relixiosa, raza ou sexo.

3. A nosa labor educativa estará orientada na consecución dos seguintes obxectivos:
1. Fomentar os principios democráticos de convivencia.
 2. Favorecer a igualdade de oportunidades.
 3. Fomentar a responsabilidade.
 4. Desenvolver a capacidade de imaxinación, observación e reflexión.
 5. Orientación no futuro ós nosos alumnos conforme ás súas aptitudes e inclinacións.
 6. Promover a conciencia de solidariedade dos seus educadores, e estimalo traballo como factor primordial de promoción e valoración da persoa .
 7. Conquerir un bo desenvolvemento laboral e unha progresiva autonomía persoal.
 8. Contribuír ó coidado da saúde, adquirindo hábitos de autovaloración, coidado e hixiene.
 9. Incrementa a confianza nas propias capacidades e posibilidades persoais e aceptar con espírito de superación as nosas limitacións.
 10. Perseveranza, amosar interese na pescuda de solucións a problemas e situacións.
 11. Aprender a utilizar todo tipo de recursos lingüísticos, verbais, corporais, visuais, plásticos, matemáticos e musicais para comprender e interpretar a realidade e expresarse.
 12. Utilizar a linguaxe oral e escrita para un intercambio comunicativo fluído e construtivo.
 13. Saber organizar, planificar e participar activamente nas tarefas escolares grupais.
 14. Apreciar o traballo ben feito e ser esixente coas propias realizacións.
 15. Interiorizar, apreciar e integrar un sistema de valores básico para a vida e para a convivencia: solidariedade, tolerancia, responsabilidade, paz, confianza, amor e sensibilidade.
 16. Experimentar o pracer e o gusto por aprender, por relacionarse, por coñecer a realidade como un medio positivo para medrar e para sentirse humanamente máis realizado.
 17. Consolidar a comprensión e manexo de linguaxes numéricas e unidades de medida como instrumento para comprender e utilizar a realidade para comunicarse con ela.
 18. Coñecer e valorar os medios de comunicación da nosa realidade cultural.
 19. Adquirir responsabilidade no coidado do entorno.
 20. Saber, percibir e solucionar de forma creativa os problemas que a realidade nos plantexa, tanto utilizando os coñecementos e recursos materiais dispoñibles como na colaboración con outras persoas.
 21. Apreciar moi especialmente a presenza das persoas que nos axudan e que colaboran connosco na construción da nosa personalidade.
 22. Experimentar e acrecentar a ilusión e a esperanza na vida cotiá.
 23. Analizar a realidade, sabendo distinguir o fundamental do cotiá.
 24. Practicar a autoesixencia persoal no traballo e desenvolver hábitos de constancia, esforzo e interese por unha permanente superación persoal.

b. Liña metodolóxica.

Desde o respecto que merece toda opción individual neste ámbito, e no marco da liberdade de cátedra, propoñemos unha metodoloxía Activa, participativa e non

autoritaria.

Os criterios que se consideran básicos para establecer as liñas metodolóxicas do centro son:

- Os coñecementos previos serán o punto de partida de toda nova aprendizaxe.
- Intentarase motivar ao alumno/a ante cada nova aprendizaxe.
- Dentro das posibilidades do Centro ou da materia, a observación directa e a experimentación serán as bases de toda aprendizaxe.
- Buscarase a relación do Centro co contorno, intentando sempre a plena integración do alumnado co medio.
- Os contidos adaptaranse ás etapas de desenvolvemento psicolóxico e ao ritmo evolutivo do alumno/a.
- Empregaranse recursos variados e motivadores.
- Utilizaranse agrupamentos flexibles.
- Potenciarase a coordinación entre os distintos ciclos, niveis e etapas do Centro.
- O traballo escolar estará baseado na colaboración, no respecto entre os compañeiros e nunha disciplina que permita desenvolver un labor na clase.

c. Avaliación

Que avaliar.

Os elementos a avaliar non se refiren só ao remate do proceso de ensino-aprendizaxe, senón que algúns son ao inicio do proceso (avaliación inicial), outros fan referencia ao proceso mesmo (avaliación formativa) e hainos tamén que só se refiren ao remate do proceso (avaliación sumativa).

Tendo en conta todo isto e a lexislación vixente, os principais aspectos que a avaliación debe contemplar serán:

- i. Os coñecementos previos dos alumnos/as, antes de empezar a aprendizaxe.
- ii. A adecuación das estratexias metodolóxicas empregadas.
- iii. As adquisicións acadadas polos alumnos/as tendo como punto de referencia os obxectivos fixados inicialmente.
- iv. As actividades realizadas polos alumnos/as, tanto individualmente como en equipo.
- v. A relación entre a programación e as necesidades e intereses dos alumnos/as.
- vi. A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- vii. A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- viii. A integración socio-familiar e escolar dos alumnos.
- ix. As actitudes dos alumnos/as diante do traballo, a organización do mesmo, participación, hábitos (tolerancia, cooperación).
- x. A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- xi. A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- xii. A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- xiii. A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Como avaliar:

Lembrar que os sistemas de avaliación deben evitar os modelos centrados en exclusiva na valoración do coñecemento conceptual do alumnado e na determinación de cualificacións estritamente cuantitativas. Combinaranse, as probas de carácter obxectivo con estratexias que perseguen avaliacións máis cualitativas, como son os diarios escolares, os cadernos de clase, a realización de entrevistas e sesións en grupo...

Cando avaliar:

O proceso de avaliación ten un carácter continuo e desenvólvese paralelamente ao proceso de ensino- aprendizaxe. A avaliación é un proceso que ten tres funcións fundamentais.

Avaliación inicial: permite coñecer cal é o estado dos alumnos/as no momento de empezar un proceso de ensino- aprendizaxe.

Avaliación formativa: proporciona durante o desenvolvemento do proceso a información que permite que o profesor/a e os alumnos/as realicen os axustes que sexan necesarios no curso do mesmo.

Avaliación sumativa ou terminal: Mide os resultados da aprendizaxe ao remate do proceso. Advirtase que a súa finalidade non é só determinar o grao de éxito ou fracaso dos alumnos/as, senón de éxito ou fracaso do conxunto do proceso educativo.

3. Organización do espazo e do tempo escolar no noso centro.

Propios Espazos do grupo (aula).

Cada Titor organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade que este levando a cabo.

Espazos compartidos polos alumnos:

Biblioteca: utilizarase como sala de lectura, préstamo de libros e consulta. estará a disposición de todo o alumnado durante o horario extraescolar establecido e, no período lectivo para realizar consultas.

Sala de usos múltiples: utilizarase de forma alternativa prioritaria e polo profesorado para a realización de teatros, actuacións, etc

Os espazos de recreo: hai dispoñibles dous espazos diferenciados:

- o patio de recreo na rúa Europa destinado para educación infantil e 1º e 2º.
- o ximnasio na rúa Ramón Cabanillas para os cursos de 3º, 4º, 5º e 6º.

este criterio séguese mesmo para as clases de ximnasia.

Sala de informática: en educación infantil e primaria incorpóranse nas aulas os equipos necesarios. ademais na rúa Ramón Cabanillas hai dúas aulas equipadas. Nas clases de 5º e 6º de primaria está implantado o proxecto ABALAR,. Nas aulas dos Ciclos Medios están totalmente informatizadas.

Aula de música e taller de plástica: separado do resto das aulas co fin de dispoñer de máis espazo e interferir o menos posible nas outras materias un aula conta co material necesario para o desenvolvemento destas materias.

O tempo escolar

Ver Anexo Horarios de Aulas

En Educación Primaria e Educación Infantil horario que rexerá o curso será de 9.00 a 14.00 hrs. Haberá un tempo de descanso de 20 minutos.

As mestras de Ed. Infantil adaptaran os tempos de lecer ao ritmo e características do seu alumnado. Os alumnos/as de tres anos teñen un período de adaptación, no mes de setembro, seguindo a orde de calendario establecida.

En Ciclos Medios o horario será de 8:30 a 14:40, cun recreo de 20 minutos

En Ciclos Superiores o horario será de 16:00 a 23:00 (según o día) cun recreo de 20 minutos

Dentro do horario lectivo Ó comezo de cada curso cada ciclo presentará mediante a Comisión de Coordinación Pedagóxica e a través do coordinador de ciclo, o plan de necesidades de utilización dos diversos espazos do centro, incluíndo un calendario.

A Dirección será quen asigne os espazos solicitados:

- Dará preferencia de actividades de carácter xeral, segundo establecido no Proxecto Curricular, un fronte específicas y las actividades más esporádicas.
- Dará preferencia para aquelas actividades substanciais e directamente relacionadas co contido xeral dunha área determinada, fronte parciais un aspectos e particulares.
- Dará preferencia para a que, como actividades que requiran una asistencia de cursos completos, fronte a grupos máis reducidos.

Commemoración a desenvolver con alumnado.

Tendo tamén presente a Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Primeiro trimestre.

- Xornada de acollida.
- Magosto.
- Samaín
- Nadal
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Segundo trimestre:

- 30 de xaneiro, Día da Paz.
- 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora.
- Entroido.
- 15 de marzo, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 12 ao 16 de marzo, Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

Terceiro trimestre.

- Día do Libro.
- Día Mundial da Saúde.
- 9 de maio, Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño, Día Mundial do Ambiente.
- Fin de curso.

Dentro do horario non lectivo:

- O uso dos espazos e das diferentes dependencias do centro, fora do horario lectivo, tanto polo alumnado, como por calquera outra persoa, ou entidade administración, fixarao á dirección.

En calquera caso, para aprobar a utilización das instalación do centro fora do horario lectivo, o órgano que o autorice debere ter coñecemento do tipo de actividade e da persoa adulta responsable da mesma. Será esta a única a quen poidan esixirse responsabilidades a tódolos efectos, sobre as persoas, materiais e instalación s que queden carga o seu.

- En ningún caso haberá alumnado no centro sen estar asistido por unha persoa adulta responsable.

Tódalas dependencias de uso común, disporán do correspondente horario de utilización que se confeccionará ó principio do curso xunto co horario xeral do centro en función das necesidades plantexadas por cada un dos ciclos.

Programas no tempo extraescolar:

Durante o tempo extraescolar o noso centro pon en marcha algúns dos seguintes programas:

- Programa de apertura: funciona en horario de 08:00 a 08:45 da mañá. Os mestres encárganse de recoller os nenos, e proporcionarlles almorzo ou vixialos ata a hora de entrada na aula.
- Comedor escolar: horario de 14:00 a 16:00.
- Actividades extraescolares: Guitarra, manualidades, judo, informática, adultos informática, ximnasia rítmica, robótica, axedrez, técnicas de aprendizaxe e ximnasia feminina para adultos.

4. PROXECTOS CURRICULARES DE CADA ETAPA EDUCATIVA IMPARTIDAS NO CENTRO. OBXECTIVOS DAS DISTINTAS ETAPAS EDUCATIVAS.

apartado 8. PROXECTOS CURRICULARES DE ETAPA.
(Remitirse ás Programacións da Etapa correspondente)

5. OFERTAS DE ACTIVIDADES E SERVICIOS DO CENTRO.

- Segundo Ciclo de Educación Infantil.
- Educación Primaria.
- Formación Profesional de Ciclos Medios:
 - Xestión Administrativa.
- Formación Profesional de Ciclos Superiores:
 - Administración de Sistemas Informáticos en rede.
 - Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas multiplataforma.
- Servizo de almorzo para madrugadores.
- Comedor escolar.
- Transporte escolar.
- Actividades extraescolares.
- Campamentos de verán (Xullo e Agosto).

5.1. OFERTAS DE IDIOMAS DO CENTRO.

- Galego.

- Castellano.
- Inglés.

5.2. I.E.S. AO QUE SE ADSCRIBE.

I.E.S. nº 1 A SARDIÑEIRA
Enderezo: Avenida da Sardiñeira, s/n, 15007.
A Coruña
Teléfono:
981 247 316
981 244 829
Fax:981 245 631
E-mail: ies.sardineira@edu.xunta.es

O IES A Sardiñeira é un centro público de ensino secundario.
ESO, Bacharelato, e Ciclos formativos da familia Química.

A formación profesional está adscrita ao IES Fernando Writz Suárez.

6. CONEXIÓN CO CONTEXTO (CONXUNTO DE ELEMENTOS CONDICIONANTES POTENCIADORES, LIMITADORES DA ORGANIZACIÓN ESCOLAR).

Temos relación co Centro Cívico dos Mallos situado na Avenida de Arteixo onde pais e alumnos do noso centro teñen a posibilidade de asistir a charlas, coloquios, conferencias... de temas diversos. Do mesmo xeito moitos dos nosos alumnos acoden a actividades extraescolares: contos, aula de teatro, estudo, pintura, baile, etc. Nas épocas non lectivas acoden ós campamentos de Nadal e verán.

A coordinación entre o Centro Cívico e nós é bastante fluída. Nos últimos anos a función de fin de curso levámola a cabo nas súas instalacións. En casos puntuais a colaboración entre os servizos sociais e nós é bastante directa.

A Biblioteca Sagrada Familia, situada na Rúa Antonio Pereira, colabora con nós no préstamo de libros, nas visitas escolares para dar a coñecer as súas instalacións así como fomentar o hábito da lectura (como se recolle no plan lector).

MACUF (Museo de Arte Contemporáneo de Unión Fenosa) onde realizamos visitas periódicas ó museo e actividades fóra do horario lectivo (sábados proxección de películas adaptadas á diversas idades), concursos de pintura...

Foro Metropolitano acudimos a representación de diversas obras teatrais.

A Fundación María Xosé Xove facilítanos visitas o seu museo. Algúns nenos tamén asisten a actividades extraescolares na súa fundación (pintura, reciclaxe e inglés).

Fundación ONCE.

IEEE a través da rama do mesmo do Centro Asociado da UNED de A Coruña

De forma puntual colaboramos con entidades como Caixa Galicia, BBVA, Museo Militar, Asociación de Canaricultura ...

Tamén contamos coa colaboración de Inditex, Cortefiel, Nova Caixa Galicia, Mapfre e diversas xestorías da cidade para o módulo de FCT de xestión. E de empresas adicadas á informática para dito módulo nos ciclos superiores.

7. REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO.

(Remitirse ao Regulamento de Réxime Interno do Centro)

8. PROXECTOS CURRICULARES DE ETAPA:

8.1. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

(Remítase á Programación do ciclo)

8.2 EDUCACIÓN PRIMARIA.

(Remítase ás Programacións)

8.3 PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA.

8.3.1 PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Defínese dentro de cada programación curricular

8.3.2 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

Defínese dentro de cada programación curricular

9. PROXECTO LECTOR.

(Remitirse ao Proxecto Lector do Centro)

10. PROXECTO LINGÜÍSTICO.

(Remitirse ao Proxecto lingüístico do Centro)

11. PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

(Remitirse ao Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación do centro)

12. PLAN DE CONVIVENCIA.

(Remitirse ao Plan de Convivencia do Centro)